

## POSICIONAMENTO

A AGE subscribe de partida a filosofía do informe da RAG sobre o as *Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo* do 30 de decembro de 2009

Non se tivo en conta na redación destas Bases que as propostas afectarán globalmente, e de forma substancial, ao sistema educativo galego. Primouse o compromiso electoral á análise da viabilidade educativa das Bases de Decreto. A introdución do inglés no Decreto e equiparado ás linguas oficiais é hoxe por hoxe unha MERA UTOPIA IRREALIZABLE.

O terzo: O suposto equilibrio plurilingüístico (en terzos) vai en contra da legalidade estatutaria e constitucional. Equipara o inglés (lingua estranxeira) ás nosas linguas cooficiais.

A elección de lingua por parte das familias parece un principio inadecuado pedagoxicamente e posiblemente ilegal.

Entendemos que calquera proposta final á que se chegue debe ir acompañada do pertinente Orzamento e un Calendario de aplicación. A proposta non pode facerse efectiva de forma instantánea.

## PUNTO 1: PROBLEMA EDITORIAL-EMPRESARIAL

O apartado 8.1 do borrador di:

“Os libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia. A Administración educativa promoverá a elaboración de materiais na outra lingua oficial de Galicia e en lingua(s) estranxeira(s)”

Como cadra isto con...?:

- Redución do 50% nas axudas para a edición de materiais curriculares deste ano.
- Pagamento pendente das axudas do ano pasado que limita a dispoñibilidade a uns 300.000 €
- A segura fragmentación do mercado.
  - Unha oferta en tres ou catro linguas distintas para un mercado xa moi reducido: maior fragmentación do mercado, redución das tiraxes e imposibilidade de calculalas.
  - Inviabilidade económica dos produtos. Desaparecerá unha oferta real de materiais para moitas Áreas porque as análises de rendibilidade non xustificarán a súa produción.
  - Debido ás enquisas, indeterminación da lingua escollida en cada Área e en cada nivel ata o mes de setembro (de cada curso). Problema engadido que freará a toma de decisións e imposibilitará a produción de proxectos coa antelación precisa.
  - Habería que adecuar as “enquisas aos pais” aos ciclos de cambio dos libros (de forma progresiva cada catro anos: 2011-2012 = 1-2 EP e 1-3 ESO; 2012-2013 = 3-4 EP, 2-4 ESO e 1 BACH; 2013-2014 = 5-6 EP e 2 BACH).
- Necesitamos tempo para a preparación de materiais e dispoñer dun calendario de produción racionalizado (tendo en conta todo o anterior). O tema afecta tamén de forma importante aos orzamentos da administración (gratuidade).

## **PUNTO 2: PEDAGOXÍA E CALIDADE**

### **GLOBAL**

- Os Currículos das Áreas de EP, ESO e BACH están deseñados (na cantidade de contidos, nos niveis de afondamento neles, nas destrezas...) para seren desenvolvidos nas aulas a través das linguas naturais do alumnado (primeira ou segunda lingua: castelán-galego, ou galego-castelán), agás as Áreas de Inglés ou francés (como é lóxico).
- Converter un terceiro idioma (inglés ou outro) en lingua vehicular para desenvolver os Currículos, comprometería a viabilidade didáctica dos materiais. Non basta con facer traducións directas dos materias do castelán (ou do galego).
- A edición en inglés implica unha adecuación dos proxectos ao nivel lingüístico dos alumnos (moito máis baixo ca o das súas linguas naturais) e isto suporía unha necesaria rebaixa nos contidos e un claro incumprimento da obriga legal de cubrir os Currículos.
- Habería que formular unha verdadeira adaptación curricular global, mesmo para os alumnos máis brillantes. Panorama: desmotivación do profesorado e do alumnado, fracaso escolar, abandono escolar... (99% de suspensos en Educación para a Cidadanía na primeira avaliación na Comunidade Valenciana, 2008).
- Na práctica, as editoriais non editarán nas 3 linguas para cada materia, por inviable, polo que se imposibilita a liberdade de elixir texto por parte do profesorado (pode ser que didacticamente lle guste un texto e as clases as teña que dar noutro idioma, polo que non poderá escoller).
- Parece lóxico concluír que se producirá unha diminución importante do nivel de contidos, que afectará de forma importante aos resultados da avaliación externa e interna nos Centros e mesmo aos resultados de PISA.
- A elección da lingua en función da preferencia puntual dos pais de cada Centro provocará na práctica problemas graves no proceso de aprendizaxe dos alumnos e derivarán en protestas das familias: traslados, repeticións, cambios de Centro... Como se garante unha aprendizaxe racional se non coincide a lingua de cada materia nos Centros implicados?

### **INFANTIL**

Esixe editar en castelán e en galego respondendo ao Currículo galego.

- Probablemente a edición do galego sexa minoritaria e dificultará a oferta de materiais en galego que mellorara sensiblemente nos últimos anos.
- Esixe a creación de novos materiais específicos que garantan a adquisición da outra lingua oficial non predominante?
- A proposta parece contradicir a Carta Europea das Linguas Minorizadas (art. 8), asinada por España.
- Os materiais empregados poden variar cada ano en función da escolla das familias. Isto é insostible desde o punto de vista editorial.

## PRIMARIA

- Coñecemento do Medio é a área máis específica de Galicia, ligada estreitamente á nosa cultura propia (tradicións, costumes...), á nosa xeografía (topografía, toponimia...), aos nosos saberes e episodios históricos etc. Non parece lóxica a impartición en castelán (nin en inglés) segundo elección dos pais.
- O mesmo sucede con outras materias, por exemplo Música.

## ESO

- Se se deixa aberta aos pais a lección, as Ciencias Sociais non parece que sexa a mellor elección para impartirse en castelán. Por outra banda, Coñecemento abrangue as áreas de Sociais e Naturais que agora teñen consideración lingüística distinta.
- Sería defendible o cambio de linguas ao longo da historia escolar do alumno/a para cada Área, para cada Ciclo...?
- A fragmentación da oferta fará que as áreas optativas non poidan ser ofertadas. Sendo Áreas de matrícula xa hoxe limitada, a impartición en diversas linguas fará que non sexa rendible a edición de materiais.

## BACHARELATO

Pode darse o caso de que a elección do centro para o galego como lingua vehicular sexa só no caso das materias optativas.(¿).

- Prodúcese a lóxica diminución de alumnado ao distribuírse os alumnos da ESO entre FP e Bacharelatos. Na situación actual, o mercado tan reducido, provocaba que haxa Áreas sen oferta suficiente de materiais en galego. Coa distribución nas tres ou catro linguas o problema agudízase.
- As Áreas optativas e algunhas de modalidade, sendo minoritarias en número de alumnos, non terán oferta de materiais en galego. Xa hoxe non son rendibles economicamente e diminuíu a súa oferta en galego.
- Os materiais que se ofrezan desde fóra terán problemas de adaptación ao Currículo.

## F. PROFESIONAL

- Non haberá materiais en galego. Xa hoxe hai problemas (estásenos a pedir que se potencie a edición en galego).
- Pártese de que serán en castelán e só se fai referencia a que se lles ofrezan o vocabulario técnico en galego.

## DIVERSIFICACIÓN

- Por outra banda, non se regula a atención aos alumnos con NNEE e as graves repercusións da presenza dunha nova lingua estranxeira equiparada ás oficiais.

## CONCLUSIÓN

Entendemos que:

Para lograr a consecución da competencia lingüística nas dúas linguas oficiais, cómpre:

- Que prevalezan os criterios pedagóxicos.
- Que sexan as autoridades educativas (a través do Decreto) quen marque as materias que se vehicularán en cada lingua.
- Centrar o Decreto nas dúas linguas oficiais.
- Manter as liñas de adquisición do inglés xa existentes, potencialas ou melloralas. Mesmo se pode incentivar que cada centro, gradualmente e de acordo cos seus propios recursos (profesorado apto, medios...) marque algunha Área nova de impartición en Inglés (sen comprometer a aprendizaxe e a adquisición do Currículo, sen afectar substancialmente ao reparto maioritario 50% das linguas cooficiais).
- Recuperar o consenso político e social que promoveu o propio PP nas lexislaturas anteriores.